

## Plan de Recuperación MP0647 Xestión da Documentación Xurídica e Empresarial 23-24

O alumnado de 2º curso do Ciclo Superior en Administración e Finanzas que precise recuperar o módulo profesional MP0647 Xestión da Documentación Xurídica e Empresarial, terá dúas vías para facelo:

- Realización de exames Parciais
- Realización dun Final único en Marzo.

### Realización de Exames Parciais

Realizaranse os seguintes exames parciais:

Parcial	Unidades Didácticas a Avaliar (da programación)	Data Prevista	Ponderación Cualificación
<b>As Administracións Públicas:</b> Exame teórico práctico sobre as Administracións Públicas Españolas e a UE. (Correspóndese coas UD1,2 e 3 do libro de referencia máis as ampliacións do profesor)	UD 1	Coincidirá coa data da proba para o alumnado de 1º de ADF (xa que o alumnado ten compatibilidade horaria)	20%
<b>O Dereito na Actividade Empresarial:</b> Exame teórico práctico sobre a UD4 do libro de referencia máis as ampliacións do profesor.	UD2	Coincidirá coa data da proba para o alumnado de 1º de ADF (xa que o alumnado ten compatibilidade horaria)	20%
<b>A Empresa, a súa constitución e arquivo da documentación:</b> Exame teórico práctico sobre a UD5 e 7do libro de referencia, máis as ampliacións do profesor.	UD3	Coincidirá coa data da proba para o alumnado de 1º de ADF (xa que o alumnado ten compatibilidade horaria, se a proba fose posterior a marzo se establecerá outra data)	20%
<b>A Contratación privada na empresa:</b> Exame teórico práctico sobre a UD6 do libro de referencia máis as ampliacións do profesor.	UD 4	24/01/2024 (hora por determinar)	20%
<b>A relación entre empresa e as Administración:</b> Exame teórico práctico sobre a UD8 e 9 do libro de referencia máis as ampliacións realizadas polo profesor.	UD5	28/02/2024 (hora por determinar)	20%

Se algún alumno suspende algún dos parciais terá unha última oportunidade na data do exame único de marzo (ao que só terá que concorrer cos parciais suspensos).

### Exame Final Único Marzo

Realizarase un exame final , onde se avaliarán as unidades indicadas no punto anterior. A data específica de marzo determinarase máis adiante por acordo entre o departamento para evitar solapamentos.

### Consulta de dúbidas

Reservase o recreo dos mércores (de 11:15 a 12:55) para a resolución de dúbidas, na aula B14. Ademais o alumnado no caso de que existan postos libres na aula B12, poderá acudir ás clases de 1º de Ciclo Superior en Administración e Finanzas que serán nas seguintes horas:



- Luns de 11:55 a 12:45
- Martes de 15:30 a 16:20
- Xoves de 11:55 a 12:45

### **Normativa Exames**

- Débese obter a lo menos un 5 en cada exame parcial para poder facer media.
- A non asistencia a unha proba escrita sen motivos xustificadas suporá unha cualificación de 0 no mesmo. A consideración de se un motivo ten a cualificación de xustificada ou non quedará a valoración do profesor do módulo profesional. A modo de exemplo especificase que as citas con médicos de cabeceira non se admitirán como xustificación, posto que existe certa liberdade na elección da data e hora da cita. Si se admitirán xustificantes médicos de necesidade de repouso ou similares. As citas con especialistas da sanidade pública tamén serán admitidas, debido a dificultade de elección da data e hora da cita, quedando as de especialistas privados a consideración do profesor. No caso das citas para solicitar outra data debe avisarse cunha antelación mínima de 5 días con respecto a proba.
- Calquera alumno que a través de calquera método copie nas probas escritas, nos traballos, nas prácticas informáticas ou nas actividades terá de xeito automático unha cualificación de cero nesa proba.
- Notas nos boletíns de cualificación:
  - o No boletín de cualificación da primeira avaliación non aparecerá unha cualificación de 5 ou máis aínda que se aprobaran os parciais realizados ata ese momento.
  - o No boletín de cualificación da segunda avaliación aparecerá a media ponderada da cualificación obtida nos exames parciais ou no exame final, aplicando os seguintes criterios de redondeo.
  - o Se o dígito que debe ser redondeado é 5, 6, 7, 8 o 9, entón o número será redondeado cara arriba e o seguinte decimal será axustado de acordo a isto e así ata chegar ao número enteiro.
  - o Se o dígito que debe ser redondeado es 0, 1, 2, 3 o 4, o seguinte decimal quedará igual e o decimal a redondear eliminarase, e así ata chegar ao número enteiro.
  - o Isto NON é aplicable para as notas entre 4,00 e 4,99, que sempre se redondeará ao 4, xa que doutro xeito estaríamos dando por superado un módulo que realmente non o está

### **Suspensos en Marzo**

O alumnado que suspenda en marzo e que polo tanto non acudirá á FCT volverá a ter a oportunidade de recuperar este módulo a través de dúas vías

- Exames parciais: seguindo a mesma estrutura que a sinalada con anterioridade e cuxas datas se establecerían a principio do terceiro trimestre. Se algún alumno suspende algunha das probas poderá recuperala no exame final único de xuño que se explica no seguinte punto.
- Exame final único en xuño: na data que se determine polo departamento dentro da semana de recuperacións.

**Ponteareas a 19/09/2023**

**Jorge Rodríguez Martínez**

***Profesor Curso 2023/24 – Xestión da Documentación Xurídica e Empresarial***